

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 24 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifica o prazo máximo de xustificación previsto na Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria.*

Con data do 27 de febreiro de 2009, no DOG nº 41 foi publicada a Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria, a cal, no seu artigo 9.1º, establece que «os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o programa deportivo ou de actividades presentado. En calquera caso, o prazo máximo e improrrogable para a presentación da citada solicitude será o 15 de outubro de 2009».

Por causas sobrevidas, esencialmente debidas a reorganizacións administrativas internas e á atención ao desenvolvemento de múltiples actuacións en materia deportiva neste ano 2009 produciuse un significativo atraso na resolución dos expedientes de subvencións, de modo que o prazo establecido para a xustificación da realización do programa deportivo ou de actividades presentado resulta de difícil cumprimento polos beneficiarios. Con base no exposto, considérase necesario para facer viable o proceso de xestión e garantir a maior eficacia posible da convocatoria de subvencións, e dado que non se causa prexuízo a terceiros, en aplicación do artigo 45 do regulamento da Lei galega de subvencións (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro) proceder á ampliación do devandito prazo, propóndose o 1 de novembro de 2009 como prazo máximo para a xustificación.

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, crea a Secretaría Xeral para o Deporte, a cal asume as competencias da antiga Dirección Xeral para o Deporte, e pola súa banda a disposición adicional segunda do citado decreto establece que quedan desconcentradas nos secretarios xerais dependentes de Presidencia, entre outras, a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia, o que lle outorga ao actual secretario xeral para o Deporte a competencia para ditar esta resolución modificando a Orde de 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria.

En virtude do exposto, e vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, logo do informe da Asesoría Xurídica deste órgano:

#### Artigo 1º

Modifícase o artigo 9.1º da Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria, que queda co seguinte teor literal:

«Os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o programa deportivo ou de actividades presentado. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da citada solicitude será o 1 de novembro de 2009».

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2009.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

*Resolución do 24 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, tal e como establece no seu artigo 1, vén reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no seu artigo 12 que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, potenciará nas universidades galegas e noutros entes, espazos ou organismos, a investigación sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero e, así mesmo, difundirá o resultado dos estudos e das investigacións que se consideren de interese.

O V Plan do goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes 2007-2010 recolle na súa liña estratéxica cuarta a abordaxe integral da violencia de xénero. Esta liña ten como obxectivo xeral previr e abordar a violencia de xénero desde as súas diferen-

tes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias e garantir a asistencia e protección das vítimas.

Tendo en conta o anteriormente exposto, as axudas que se concedan a través desta resolución teñen como finalidade a potenciación de liñas de estudo, análise e investigación relacionadas coas mulleres nas áreas da violencia de xénero, economía e emprego, educación, poder e toma de decisións, participación, ciencia e tecnoloxía, exclusión social e saúde.

O Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral da Igualdade como órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma.

Á Secretaría Xeral da Igualdade correspóndelle, entre outras, as funcións relativas ás políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, de loita contra a discriminación por razón de sexo e de promoción da igualdade entre mulleres e homes. Polo tanto, unha das súas finalidades é promover as condicións para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva, fomentando a participación das mulleres na vida social, superando calquera tipo de discriminación.

Esta convocatoria tramítase de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e demais disposicións aplicables.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que teño atribuídas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta convocatoria é a regulación das bases que rexen a convocatoria de bolsas e axudas para a realización e difusión de estudos e proxectos de investigación e para a organización de xornadas ou congresos no ámbito da igualdade entre mulleres e homes, especialmente no ámbito da violencia de xénero, e a súa convocatoria.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva tendo en conta os principios do artigo 5.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de acordo ás áreas prioritarias establecidas no artigo 2º.

##### Artigo 2º.-*Áreas prioritarias.*

Para os efectos desta resolución, considéranse áreas prioritarias:

##### Violencia de xénero:

-Transmisión de actitudes violentas a través de estereotipos e valores.

-Violencia contra as mulleres en Galicia; formas, causas, natureza e consecuencias.

-Custos directos e indirectos da violencia de xénero en Galicia.

-Mobbing, acoso sexual no traballo: frecuencia, formas e consecuencias en Galicia.

-Experiencias de prevención nos servizos de saúde.

-Muller, discapacidade e violencia de xénero.

-Repercusións da violencia de xénero nos/as menores.

-Situación social e laboral das mulleres que sofren violencia de xénero.

-Homes e violencia de xénero.

-Tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación.

-Necesidades básicas dos recursos sociais contra a violencia de xénero e demanda por parte das mulleres que a sofren.

-Tráfico sexual, prostitución e explotación sexual: propostas de actuación.

##### Economía e emprego:

-Corresponsabilidade: repartición de tempos e responsabilidades.

-Acceso e contratación das mulleres no mundo laboral.

-Acceso das mulleres a ocupacións con menor índice de representatividade.

-O principio da igualdade no emprego.

-O traballo das mulleres na economía somerxida.

-A problemática ocupacional das empregadas do fogar.

-Situación das mulleres no tecido empresarial galego.

-As mulleres rurais en Galicia. Modalidades de traballo feminino no medio rural.

-As mulleres do mar en Galicia. Modalidades de traballo feminino na industria pesqueira e conserveira.

-Feminismo e ecoloxismo.

##### Educación:

-Desenvolvemento curricular e material didáctico.

-Transmisión de estereotipos e roles nos centros educativos.

-O sexismo na linguaxe.

-Introdución da perspectiva de xénero nos modelos educativos e formativos.

##### Poder e toma de decisións:

-As mulleres e os homes ante o liderato. Estilos de dirección na vida política, social e empresarial.

-Acceso das mulleres a cargos públicos e a postos de responsabilidade; obstáculos cos que se atopan.

-O papel dos homes na consecución dos obxectivos de igualdade.

Participación:

-Barreiras que condicionan a participación sociopolítica das mulleres.

-Participación das mulleres no movemento asociativo. Propostas para a súa incorporación.

-Diferenzas entre mulleres e homes no uso dos espazos e dos transportes.

-Impacto de xénero na planificación urbanística galega.

-A perspectiva de xénero nos medios de comunicación.

-Participación das mulleres nas distintas modalidades de prácticas deportivas.

-Prácticas deportivas feminizadas e masculinizadas.

Ciencia e tecnoloxía:

-Contribucións das mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía.

-Indicadores para a incorporación das mulleres como científicas e tecnólogas no tecido produtivo.

-A perspectiva de xénero no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.

-Posibles sesgos e carencias de xénero no ámbito da ciencia e da tecnoloxía.

Exclusión social:

-Situación das mulleres inmigrantes.

-Intervención con mulleres que sofren procesos de marxinación.

-Situación da prostitución e do tráfico de persoas con fins de explotación sexual en Galicia.

-Necesidades básicas dos recursos sociais e demanda por parte das mulleres.

Saúde:

-Enfermidades relacionadas coa violencia de xénero.

-Saúde laboral das mulleres.

-Relación entre desigualdade social, económica, política e cultural e saúde.

-Enfermidades de maior incidencia en colectivos femininos: factores de risco específicos, tratamentos, recursos.

-Incidencia na vida persoal, familiar e social de certas enfermidades e patoloxías da muller.

Artigo 3º.-*Tipos de axudas.*

1. As axudas públicas a que se refire esta resolución fan referencia ás seguintes modalidades:

a) Bolsas destinadas a estudantes dos últimos cursos universitarios ou de terceiro ciclo para desenvolver estudos ou proxectos de investigación relaciona-

dos con algunha das áreas prioritarias determinadas no artigo 2º desta resolución.

b) Axudas a entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e colexios profesionais para a realización de estudos ou proxectos de investigación relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas no artigo 2º desta resolución.

c) Axudas a editoriais, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas, para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións sobre temas relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas no artigo 2º desta resolución.

d) Axudas a entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e a colexios profesionais destinadas á organización de xornadas, congresos e a outros programas ou actividades de difusión, divulgación ou sensibilización relacionados con algunha das áreas prioritarias determinadas no artigo 2º desta resolución.

2. Os estudos ou proxectos consistirán en traballos de investigación, avaliación de técnicas, propostas de programas experimentais ou experiencias específicas e presentación de modelos organizativos relacionados coas áreas prioritarias sinaladas no artigo 2º.

Artigo 4º.-*Orzamento.*

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución destínase crédito polos importes e nas aplicacións seguintes: 290.000 euros na aplicación orzamentaria 40.40.313D.481.0 e 70.000 euros na aplicación orzamentaria 40.40.312G.470.0, de acordo coa seguinte distribución:

Ano 2009:

40.40.313D.481.0, por importe de 170.000 euros.

40.40.312G.470.0, por importe de 40.000 euros.

Ano 2010:

40.40.313D.481.0, por importe de 120.000 euros.

40.40.312G.470.0, por importe de 30.000 euros.

A asignación do gasto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

Artigo 5º.-*Ámbito de realización.*

En todas as modalidades os/as solicitantes acreditarán que o seu proxecto ou actividade terá como ámbito de actuación o territorio de Galicia.

Artigo 6º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

As solicitudes, xunto coa documentación, dirixiranse á Secretaría Xeral da Igualdade e presentaranse na oficina de rexistro único e información do complexo administrativo de San Caetano, nas delegacións territoriais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se xuntase a documentación exixida requirirase a

persoa ou entidade interesada para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días, emende as faltas ou remita a documentación requirida. De non facelo así, terase por desistido da súa solicitude e procederase conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

En caso de dúbida ou necesidade de máis información relativa á solicitude ou á súa tramitación poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade a través do número de fax 981 95 76 90 ou do enderezo de correo electrónico [igualdade@xunta.es](mailto:igualdade@xunta.es).

#### Artigo 7º.-Beneficiarios/as, requisitos e documentación.

Poderán optar á concesión das axudas previstas nesta resolución as persoas ou entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo coas seguintes modalidades:

7.1. Bolsas destinadas a estudantes dos últimos cursos universitarios ou de terceiro ciclo para o desenvolvemento de estudos ou proxectos de investigación relacionados co obxecto desta resolución.

##### 7.1.1. Requisitos.

Poderán solicitar esta modalidade de axudas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter superado o 80% dos créditos exixidos para a obtención do título de diplomado/a ou licenciado/a universitario/a ou estar realizando estudos de terceiro ciclo.

b) Os proxectos deberán estar dirixidos e avalados por persoal con titulación universitaria pertencente ao cadro de persoal do centro ou institución onde se prevexa realizar o estudo. No momento da súa presentación, estes proxectos deberán estar asinados pola persoa que vai realizar o estudo e pola persoa que o dirixa e avale. Na sinatura deberá figurar así mesmo o selo da institución onde se prevexa realizar o estudo.

##### 7.1.2. Documentación que hai que presentar.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria deberán achegar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo oficial (anexo I-A).

b) No caso dos/as estudantes dos últimos cursos universitarios, certificado académico oficial no que figuren de xeito detallado as cualificacións obtidas e a constancia expresa de que as materias constitúen, cando menos, o 80% dos créditos exixidos para obter a

titulación; para o caso dos estudantes de terceiro ciclo, copia compulsada do correspondente título e acreditación de estar realizando estudos de terceiro ciclo.

c) *Curriculum vitae* da persoa solicitante, asinado en cada unha das súas follas.

d) Proxecto memoria, asinado pola persoa que vai realizar o estudo e pola persoa que o dirixa e avale, co selo da institución onde se prevexa realizar o estudo, que deberá conter:

-Antecedentes e estado actual do proxecto.

-Xustificación do proxecto.

-Área prioritaria na que se enmarca, segundo as recollidas no artigo 2º.

-Obxectivos que se pretenden acadar.

-Metodoloxía e técnicas que se vaian utilizar.

-Actividades xa realizadas en relación coa axuda solicitada.

-Aplicación práctica.

-Cronograma de traballo. Data de inicio e fin do proxecto. A límite de remate será, en todo caso, o 31 de agosto de 2010.

-Importe solicitado.

e) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de non concorrer as causas de exclusión para ser beneficiarios/as de axudas ou subvencións que sinala o artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como doutras axudas ou bolsas de estudos solicitadas ou concedidas para o mesmo fin (anexo II).

f) Declaración da persoa que dirixa o proxecto, comprometéndose á súa dirección e supervisión (anexo III).

g) Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a persoa beneficiaria. Se a conta xa estivese dada de alta no sistema contable da Xunta de Galicia, poderá presentarse copia compulsada da dita certificación.

##### 7.1.3. Contía das bolsas.

Poderá concederse nesta modalidade un importe máximo de 6.000 euros por cada bolsa.

Para a determinación do importe das bolsas terase en conta a puntuación acadada polo proxecto presentado, logo da súa valoración segundo o establecido no artigo 9º. No caso de acadar a puntuación máxima, concederíase o importe solicitado; de acadar unha puntuación inferior, o importe da bolsa virá determinado pola porcentaxe que represente a puntuación acadada en relación coa puntuación máxima.

##### 7.1.4. Natureza xurídica da relación.

A condición de beneficiario/a destas bolsas non xerará relación laboral ou contractual de ningún tipo

coa Xunta de Galicia nin cos organismos ou entidades nos que realice o proxecto de investigación, nin suporá a súa inclusión na Seguridade Social.

#### 7.1.5. Incompatibilidades.

A percepción da bolsa é incompatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade procedente de calquera administración, institución ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como con outras bolsas, soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria dos/as interesados/as e coa percepción da prestación por desemprego.

7.2. Axudas a entidades sen ánimo de lucro e colexios profesionais para a realización de estudos e proxectos de investigación relacionados co obxecto desta resolución.

#### 7.2.1. Requisitos.

Poderán solicitar esta modalidade de axudas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e os colexios profesionais que desenvolvan a súa actividade maioritariamente en Galicia que reúnan os seguintes requisitos:

a) Deberán constituírse equipos de traballo integrados por un mínimo de 3 persoas, especificándose entre elas un/unha director/a-coordinador/a-responsable do proxecto, que deberá ter titulación universitaria.

b) Ningunha entidade ou colexio profesional poderá solicitar financiamento para máis dun estudo ou proxecto nesta convocatoria.

c) Ningún/ningunha compoñente do equipo de investigación poderá estar participando na data de publicación desta convocatoria en máis de dous proxectos de investigación subvencionados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 7.2.2. Documentación que hai que presentar.

As entidades ou colexios profesionais interesados en participar nesta convocatoria deberán achegar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo oficial (anexo I-B).

b) Relación na que se detallen as persoas que compoñen o grupo de investigación e os proxectos nos que participan, indicando para cada un deles o título, a duración (data de inicio e de fin do/s proxecto/s) e o órgano convocante. Esta relación deberá estar asinada por todas as persoas do grupo.

c) *Curriculum vitae*, asinado en cada unha das súas follas, das persoas que compoñan o equipo de traballo.

d) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

e) Documentación que acredite a condición de entidade sen ánimo de lucro, se é o caso.

f) Proxecto memoria, que deberá conter:

-Xustificación do proxecto.

-Área prioritaria na que se enmarca, segundo as recollidas no artigo 2º.

-Obxectivos que se pretenden acadar.

-Metodoloxía e técnicas que se van utilizar.

-Medios materiais e humanos.

-Actividades xa realizadas en relación coa axuda solicitada.

-Aplicación práctica.

-Cronograma de traballo. Data de inicio e fin do proxecto. A data límite de remate será, en todo caso, o 31 de agosto de 2010.

-Orzamento desagregado. Indicarase o importe da axuda solicitada, tendo en conta que, para ser subvencionables, os gastos imputados a esta deberán corresponderse cos recollidos no punto 1.1 do artigo 13º.

g) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de non concorrer as causas de exclusión para ser beneficiarios/as de axudas ou subvencións que sinala o artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin (anexo II).

h) Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a entidade beneficiaria. Se a conta xa estivese dada de alta no sistema contable da Xunta de Galicia, poderá presentarse copia compulsada da dita certificación.

#### 7.2.3. Contía das axudas.

Poderá concederse nesta modalidade un importe máximo de 9.000 euros.

7.3. Axudas a editoriais para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións sobre temas relacionados coa situación das mulleres.

#### 7.3.1. Requisitos.

Poderán solicitar esta modalidade de axudas ás editoriais, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas, que programen a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións cun contido enmarcado nalgunha das áreas prioritarias recollidas no artigo 2º desta resolución que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter unha experiencia editorial mínima de dous anos ininterrompidos.

b) Os títulos propostos deberán ter unha tiraxe mínima de 1.000 exemplares e ser primeiras edicións ou ben reedicións de títulos dos que a súa última edición teña máis de 25 anos.

#### 7.3.2. Tipos de edicións excluídas.

Queda excluída desta convocatoria a edición das seguintes obras:

a) Novela, poesía e teatro.

- b) Libros que vaian publicar institucións públicas.
- c) Libros de texto para o ensino, obras de fascículos ou separatas, anuarios e publicacións periódicas.
- d) As reimpresións.

#### 7.3.3. Documentación que hai que presentar.

As editoriais interesadas en participar nesta convocatoria deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo o modelo oficial (anexo I-C).
- b) Acreditación da experiencia editorial.
- c) Fotocopia compulsada do DNI se o/a solicitante é unha persoa física ou do CIF se o/a solicitante é unha persoa xurídica.
- d) O estudo ou investigación que se vai publicar, en formato papel ou en soporte informático.
- e) Contrato de edición ou compromiso dos/das titulares do dereito de explotación no caso de non atoparse a obra en réxime de dominio público. No caso de achegar un compromiso asinado co autor ou autora, a editorial deberá remitir o contrato de edición definitivo se resultase beneficiaria da axuda.
- f) Número de exemplares que se van editar.
- g) Orzamento desagregado. Indicarase o importe da axuda solicitada, tendo en conta que, para ser subvencionables, os gastos imputados a esta deberán corresponderse cos recollidos no punto 1.2 do artigo 13º.
- h) Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin (anexo II).
- i) Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a persoa/entidade beneficiaria. Se a conta xa estivera dada de alta no sistema contable da Xunta de Galicia, poderá presentarse copia compulsada da dita certificación.

#### 7.3.4. Contía das axudas.

Poderá concederse nesta modalidade un importe máximo de 7.000 euros.

7.3.5. Todo o relativo ao formato, deseño e demais aspectos técnicos da publicación deberá contar coa aprobación da Secretaría Xeral da Igualdade, e na publicación deberán figurar as identificacións que estableza a Secretaría Xeral da Igualdade e, en todo caso, incluírá o logotipo corporativo da Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo.

7.4. Axudas para a organización de xornadas, congresos e outros programas ou actividades de difusión, divulgación e sensibilización relacionados co obxecto desta resolución.

#### 7.4.1. Requisitos.

Poderán solicitar esta modalidade de axudas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e os colexios profesionais que desenvolvan a súa actividade en Galicia e programen a realización de

xornadas, congresos e outros programas ou actividades de difusión, divulgación e sensibilización cun contido enmarcado nalgunha das áreas prioritarias recollidas no artigo 2º desta resolución.

#### 7.4.2. Documentación que hai que presentar.

As entidades interesadas en participar nesta convocatoria deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo o modelo oficial (anexo I-D).
- b) Fotocopia compulsada do CIF.
- c) Documentación que acredite a condición de entidade sen ánimo de lucro, se é o caso.
- d) Programa da xornada, congreso ou actividade, en formato papel ou en soporte informático.
- e) Participantes aos que se dirixe.
- f) Orzamento desagregado. Indicarase o importe da axuda solicitada, tendo en conta que, para ser subvencionables, os gastos imputados a esta deberán corresponderse cos recollidos no punto 1.3 do artigo 13º.
- g) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de non concorrer as causas de exclusión para ser beneficiarios/as de axudas ou subvencións que sinala o artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin (anexo II).
- h) Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a entidade beneficiaria. Se a conta xa estivese dada de alta no sistema contable da Xunta de Galicia, poderá presentarse copia compulsada da dita certificación.

#### 7.4.3. Contía das axudas.

Poderá concederse nesta modalidade un importe máximo de 7.000 euros.

7.4.4. O material que se elabore para a actividade subvencionada deberá contar coa aprobación da Secretaría Xeral da Igualdade, e nel deberán figurar as identificacións que estableza a Secretaría Xeral da Igualdade e, en todo caso, incluírá o logotipo corporativo Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade.

#### Artigo 8º.-Instrución.

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse aos/ás solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes remitiranse á comisión de valoración. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero ou persoa en quen delegue.

Vogais: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade. A xefa do Servizo de Prevención e Atención ás Vítimas. A xefa do Servizo de Análise e Coordinación das Políticas de Igualdade.

Secretaria/o: un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral da Igualdade.

Se, por calquera causa, algun/algunha dos/as compositores da comisión de valoración non puidese asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituído/a polo/a funcionario/a designado/a para o efecto pola súa presidenta.

Unha vez avaliadas as solicitudes consonte os criterios de valoración recollidos no artigo 9º, o órgano instrutor elevaralle o informe do resultado da avaliación efectuado pola comisión de valoración, xunto coa proposta de resolución, á secretaria xeral da Igualdade. Na proposta que formule a comisión figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda e indicarse o importe para cada unha delas, ata esgotar o crédito dispoñible. O resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia. Para estes efectos poderanse realizar sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor da persoa/entidade proposta fronte á Administración mentres non se lle notificase a resolución de concesión. Unha vez notificada esta, as persoas/entidades beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

#### Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

A selección realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

a) Calidade do proxecto, estudo ou actividade: 45 puntos, segundo a seguinte desagregación:

-Claridade na presentación e na formulación de obxectivos: ata 15 puntos.

-Metodoloxía que se vai empregar: ata 10 puntos.

-Viabilidade, en función dos obxectivos que se van acadar, do cronograma de traballo e da adecuación dos recursos humanos ao plan de traballo: ata 10 puntos.

-Orzamento: ata 5 puntos.

-Xustificación da súa necesidade: ata 5 puntos.

b) Proxecto, estudo ou actividade encadrada na área de violencia de xénero: 15 puntos.

c) Autoría feminina: ata 10 puntos, segundo a porcentaxe de mulleres que formen o equipo de traballo, de acordo coa seguinte distribución:

-Entre o 80 e o 100%: 10 puntos.

-Entre o 60 e o 80%: 8 puntos.

-Entre o 40 e o 60%: 6 puntos.

-Entre o 20 e o 40%: 4 puntos.

-Ata o 20%: 2 puntos.

d) Memoria, publicación ou programa, segundo o caso, en lingua galega: 15 puntos.

e) Achega de fondos propios para a realización das accións. Ata 15 puntos, segundo a seguinte desagregación:

-Ata o 25% do orzamento total: 5 puntos.

-Máis do 25% e ata o 50% do orzamento total: 10 puntos.

-Máis do 50% do orzamento total: 15 puntos.

No caso das axudas para a organización de xornadas, congresos, programas ou actividades aplicaranse os criterios dos puntos a), b), d) e e). A puntuación axustarase proporcionalmente, de xeito que a puntuación máxima total alcance os 100 puntos (epígrafe a) 50 puntos; epígrafes b), d) e): 16,7 puntos).

#### Artigo 10º.-*Resolución e réxime de recursos.*

1. A secretaria xeral da Igualdade, á vista das valoracións efectuadas pola comisión de valoración e recollidas na acta da reunión, ditará a resolución de concesión ou denegación das axudas solicitadas.

2. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as resolucións serán notificadas ás persoas/entidades beneficiarias. Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderase substituír a notificación individual da concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web.

3. A resolución ditarase no prazo máximo de catro meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

4. As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses con-

tados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-*Perda do dereito ao cobramento das axudas.*

De acordo co establecido no artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, producirase a perda do dereito ao cobramento total da axuda no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión recollidas no artigo 15º desta resolución dará lugar ao non pagamento dos gastos nos que se incumprise a citada obriga.

Artigo 12º.-*Forma de pagamento.*

1. O pagamento das bolsas e axudas previstas nesta resolución efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificadas correctamente os gastos realizados segundo o artigo 14 desta resolución e do previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as actuacións que se inicien no exercicio 2009, poderá realizarse o pagamento anticipado dun 30% da bolsa ou axuda concedida, previa presentación dun certificado de inicio de actuación.

2. Non se poderá facer en ningún caso o pagamento da axuda en tanto a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera outro concepto, coa administración da comunidade autónoma.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa ou entidade beneficiaria.

Artigo 13º.-*Gastos subvencionables.*

1. Coa excepción das bolsas previstas no artigo 7.1º desta resolución, terán a consideración de subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubitado respondan á natureza da actuación e realizados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de agosto de 2010. En particular, serán obxecto de subvención os seguintes gastos:

1.1. Axudas a entidades sen ánimo de lucro e colexios profesionais para a realización de estudos ou proxectos de investigación:

a) Gastos de persoal, supervisión, coordinación e/ou apoio nas actividades vinculadas ao proxecto

(realización de enquisas, traballos de campo e outros), por un importe máximo do 60% da axuda.

b) Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina. Quedan excluídos os gastos de amortización de equipos e ferramentas.

c) Material didáctico: manuais e libros.

d) Gastos de corrección de textos, tradución, maquetación e impresión, por un importe máximo do 15% da axuda.

e) Axudas de custo, por un importe máximo do 20% da axuda.

f) Outros gastos, na parte que corresponda: arrendamento, subministracións (electricidade, auga e combustible), comunicacións (teléfonos, correos, mensaxaría e internet) e outros.

Non se poderá imputar o 100% da axuda a un so dos conceptos detallados no punto anterior.

1.2. Axudas a editoriais para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións:

Gastos de edición, corrección, maquetación, impresión e outros relacionados directamente coa publicación.

1.3. Axudas para a organización de xornadas, congresos, programas ou actividades:

a) Gastos asociados á participación dos/as relatores/as.

b) Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina. Quedan excluídos os gastos de amortización de equipos e ferramentas.

c) Gastos de corrección de textos, tradución, maquetacións e impresión, por un importe máximo do 15% da axuda.

d) Axudas de custo e viaxes vinculados ao desenvolvemento da xornada, congreso, programa ou actividade. Non serán subvencionables os gastos das persoas asistentes.

e) Gastos de publicidade e propaganda específicos da xornada, congreso, programa ou actividade, na que deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade, por un importe máximo do 20% da axuda.

f) Outros gastos, na parte que corresponda: arrendamento (salas, equipos informáticos, audiovisuais...), subministracións (electricidade, auga e combustible), comunicacións (teléfono, correos, mensaxaría e internet) e outros.

Artigo 14º.-*Xustificación.*

1. A data límite para xustificar o pagamento das actividades é o 1 de outubro de 2010. Para isto, a persoa ou entidade beneficiaria deberá enviar á

Secretaría Xeral da Igualdade a seguinte documentación:

1.1. Bolsas para o desenvolvemento de estudos ou proxectos de investigación:

-Estudo ou proxecto de investigación definitivo en soporte papel e en soporte informático.

-Declaración de axudas (anexo II).

1.2. Axudas a entidades sen ánimo de lucro e colexios profesionais para a realización de estudos ou proxectos de investigación:

-Estudo ou proxecto de investigación definitivo en soporte papel e en soporte informático.

-Certificación de gastos realizados (anexo IV).

A acreditación dos gastos imputados á axuda realizarase presentando a seguinte documentación:

\*Gastos de persoal, supervisión, coordinación e/ou apoio: orixinais das facturas, dos recibos de nóminas ou dos recibí (nestes últimos deberá constar a retención por IRPF) e documentación acreditativa do pagamento.

Se se imputasen gastos de cotización á Seguridade Social e/ou IRPF, xuntarase copia compulsada dos documentos acreditativos da cotización/ingreso por retencións.

\*Material de oficina, material didáctico, corrección de textos, tradución, maquetacións e impresión: facturas orixinais e documentación acreditativa do pagamento.

\*Axudas de custo: orixinais dos impresos de liquidación das axudas de custo e documentación acreditativa do pagamento. Nestes impresos deberán figurar os datos persoais, o importe desagregado dos gastos (manutención, billetes, traslado en vehículo propio...) e as datas nas que foron realizados, e deberá estar asinado polo/a perceptor/perceptora e o/a representante legal da entidade, co selo desta. Se se imputasen gastos de IRPF, xuntarase copia compulsada dos documentos acreditativos do seu ingreso.

\*Outros gastos: facturas orixinais e documentación acreditativa do pagamento.

Para gastos de importe inferior a 1.000 euros admitirase a xustificación do pagamento mediante recibí.

As facturas presentadas corresponderán ao ano 2009 e/ou 2010 segundo o exercicio ao que se impute o gasto. En todo caso as facturas que xustifiquen o anticipo recibido deberán estar referidas de xeito indubitado a actuacións realizadas no ano 2009.

A unidade tramitadora da axuda marcará cun selo os xustificantes orixinais presentados. Neste selo se indicará a axuda para a cuxa xustificación foron presentados e o importe que se imputa a esta. Estes xustificantes serán devoltos, unha vez rematada a xustificación dos gastos, coa maior brevidade posible.

-Relación de facturas xustificativas dos gastos imputados á axuda concedida (anexo V).

-Declaración de axudas (anexo II).

1.3. Axudas a editoriais para a publicación de estudos, investigacións e outras publicacións:

-Publicación, en soporte papel (20 exemplares) e en soporte informático (unha copia). Na publicación deberán figurar obrigatoriamente os logotipos da Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo.

-Certificación de gastos realizados (anexo IV), acompañada das facturas orixinais ou, se é o caso, dos xustificantes dos gastos de publicación, e documentación acreditativa do pagamento.

A unidade tramitadora da axuda marcará cun selo os xustificantes orixinais presentados, no que se indicará a axuda para a cuxa xustificación foron presentados e o importe que se imputa a esta. Estes xustificantes serán devoltos, unha vez rematada a xustificación dos gastos, coa maior brevidade posible.

-Relación de facturas xustificativas (anexo V).

-Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria que acredite que o/a beneficiario/a da axuda está ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias.

-Certificación expedida polas entidades xestoras da Seguridade Social de estar ao día do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social.

-Certificación da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda que acredite non ter débedas coa comunidade autónoma.

-Acreditación da realización dunha tirada mínima de 1.000 exemplares.

-Declaración de axudas (anexo II).

As facturas presentadas corresponderán ao ano 2009 e/ou 2010 segundo o exercicio ao que se impute o gasto. En todo caso as facturas que xustifiquen o anticipo recibido deberán estar referidas de xeito indubitado a actuacións realizadas no ano 2009.

1.4. Axudas para a organización de xornadas, congresos, programas ou actividades:

-Programa definitivo, no que deberá figurar obrigatoriamente o logotipo da Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade, en soporte papel e en soporte informático.

-Certificación de gastos realizados (anexo IV).

A acreditación dos gastos imputados á axuda realizarase presentando a seguinte documentación:

\*Gastos asociados á participación das/os relatores/es: orixinais das facturas ou dos recibí (nestes últimos deberá constar a retención por IRPF) e documentación acreditativa do pagamento. Se se imputasen gastos de IRPF, xuntarase copia compulsada dos documentos acreditativos do seu ingreso.

Presentarase, ademais, a documentación acreditativa do pagamento.

\*Material de oficina, corrección de textos, tradución, maquetación, impresión, publicidade e propaganda: facturas orixinais e documentación acreditativa do pagamento.

\*Axudas de custo: orixinais dos impresos de liquidación das axudas de custo e documentación acreditativa do pagamento (téñase en conta o indicado para as axudas de custo no punto 1.2 deste artigo).

\*Outros gastos: facturas orixinais e documentación acreditativa do pagamento.

Para gastos de importe inferior a 1.000 euros admíttirase a xustificación do pagamento mediante recibí.

As facturas presentadas corresponderán ao ano 2009 e/ou 2010 segundo o exercicio ao que se impute o gasto. En todo caso as facturas que xustifiquen o anticipo recibido deberán estar referidas de xeito indubitado a actuacións realizadas no ano 2009.

A unidade tramitadora da axuda marcará cun selo os xustificantes orixinais presentados. Neste selo se indicará a axuda para a cuxa xustificación foron presentados e o importe que se imputa a ésta. Os xustificantes orixinais serán devoltos, unha vez rematada a xustificación dos gastos, coa maior brevidade posible.

-Relación de facturas xustificativas dos gastos imputados á axuda concedida (anexo V).

-Declaración de axudas (anexo II).

-Mostra do material elaborado con cargo á axuda e imputado a ésta, no que deberá figurar obrigatoriamente o logotipo da Xunta de Galicia-Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade.

2. Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren convenientes. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria non os remitise dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á axuda.

Artigo 15º.-*Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas.*

As persoas ou entidades beneficiarias das axudas reguladas nesta resolución estarán suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, ademais, ás seguintes:

-Non divulgar os avances da investigación a través de publicacións ou outros medios antes da entrega da correspondente memoria final, salvo autorización expresa da Secretaría Xeral da Igualdade.

-Publicitar a axuda concedida en toda actividade subvencionada durante a realización desta, así como nos anuncios e programas previos, de ser o caso, á súa realización. Así mesmo, deberá facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen que as actividades foron subvencionadas pola Secretaría Xeral da Igualdade. Deberá remitirse proba documental do cumprimento desta obriga.

Artigo 16º.-*Infraccións e sancións.*

Ás persoas/entidades beneficiarias das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 17º.-*Reintegro.*

1. Non se poderá exixir o pagamento e procederá o reintegro total ou parcial e a exixencia dos xuros de demora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase consonte o disposto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 77 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei.

3. As cantidades que teñan que reintegrar os/as beneficiarios/as terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para a súa cobranza o previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 18º.-*Normativa aplicable.*

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de aplicación.

*Disposición adicional*

As axudas concedidas serán publicadas nos termos previstos no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega.

A entidade beneficiaria autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade a incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos á axuda recibida así como ás sancións impostas, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago Compostela, 24 de setembro de 2009.

Marta González Vázquez  
Secretaria xeral da Igualdade



ANEXO I-A

PROCEDIMENTO <b>BOLSAS E AXUDAS DIRIXIDAS Á REALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS E Á ORGANIZACIÓN DE XORNADAS OU CONGRESOS EN MATERIAS RELACIONADAS COAS MULLERES, ESPECIALMENTE NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>SI438C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

D./DNA.		NIF	
ENDEZEZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

A persoa solicitante DECLARA que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se achegan se axustan á realidade e que de conformidade co contido da Resolución do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero, autoriza á Secretaría Xeral da Igualdade para que de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, así como as sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

**DATOS DA AXUDA SOLICITADA**

ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA O ESTUDO OU PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (ARTIGO 2)

- VIOLENCIA DE XÉNERO
- ECONOMÍA E EMPREGO
- EDUCACIÓN
- PODER E TOMA DE DECISIÓNS
- PARTICIPACIÓN
- CIENCIA E TECNOLOXÍA
- EXCLUSIÓN SOCIAL
- SAÚDE

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.1.2)**

- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA / COPIA COMPULSADA DO TÍTULO E ACREDITACIÓN DE ESTAR REALIZANDO ESTUDOS DE TERCEIRO CICLO
- CURRICULUM VITAE ASINADO EN CADA FOLLA
- PROXECTO-MEMORIA
  - ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO PROXECTO
  - XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO
  - ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA, SEGUNDO AS RECOLLIDAS NO ARTIGO 2
  - OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR
  - METODOLOXÍAS E TÉCNICAS A UTILIZAR
  - ACTIVIDADES XA REALIZADAS
  - APLICACIÓN PRÁCTICA
  - CRONOGRAMA DE TRABALLO. DATA DE INICIO E FIN DO PROXECTO
  - IMPORTE SOLICITADO
- DECLARACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, DE NON TER PENDIENTES DE PAGAMENTO DÉBEDAS COA ADMÓN. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DE NON INCORRER NAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN PARA SER BENEFICIARIOS/AS DE AXUDAS OU SUBVENCIONIÓNS E DOUTRAS AXUDAS OU BOLSAS DE ESTUDOS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN ( ANEXO II)
- COMPROMISO DE DIRECCIÓN E SUPERVISIÓN (ANEXO III)
- CERTIFICACIÓN BANCARIA

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 24 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2009

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade

## ANEXO I-B

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS E AXUDAS DIRIXIDAS Á REALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS E Á ORGANIZACIÓN DE XORNADAS OU CONGRESOS EN MATERIAS RELACIONADAS COAS MULLERES, ESPECIALMENTE NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SI438C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE/COLEXIO PROFESIONAL SOLICITANTE

ENTIDADE/COLEXIO PROFESIONAL		CIF
ENDEREZO		PROVINCIA
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

## DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

D./DNA.		NIF
ENDEREZO		PROVINCIA
LOCALIDADE		CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		

A persoa solicitante DECLARA que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se achegan se axustan á realidade e que de conformidade co contido da Resolución do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero, autoriza á Secretaría Xeral da Igualdade para que de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, así como as sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

## DATOS DA AXUDA SOLICITADA

ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA O ESTUDO OU PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (ARTIGO 2)			
<input type="checkbox"/> VIOLENCIA DE XÉNERO	<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN	<input type="checkbox"/> PARTICIPACIÓN	<input type="checkbox"/> EXCLUSIÓN SOCIAL
<input type="checkbox"/> ECONOMÍA E EMPREGO	<input type="checkbox"/> PODER E TOMA DE DECISIÓNS	<input type="checkbox"/> CIENCIA E TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> SAÚDE
IMPORTE SOLICITADO: _____			

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.2.2)

<input type="checkbox"/> RELACIÓN DAS/OS MEMBROS DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN E DOS PROXECTOS NOS QUE PARTICIPEN NO ANO 2009, ASINADA	<input type="checkbox"/> MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS
<input type="checkbox"/> CURRÍCULUM VITAE ASINADO EN CADA FOLLA DE TODAS AS PERSOAS QUE COMPOÑEN O EQUIPO DE TRABALLO	<input type="checkbox"/> ACTIVIDADES XA REALIZADAS
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO CIF DA ENTIDADE	<input type="checkbox"/> APLICACIÓN PRÁCTICA
<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A CONDICIÓNS DE ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO (SE É O CASO)	<input type="checkbox"/> CRONOGRAMA DE TRABALLO. DATA DE INICIO E FIN DO PROXECTO
<input type="checkbox"/> PROXECTO-MEMORIA	<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO
<input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	
<input type="checkbox"/> ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA, SEGUNDO AS RECOLLIDAS NO ARTIGO 2	
<input type="checkbox"/> OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR	
<input type="checkbox"/> METODOLOXÍAS E TÉCNICAS A UTILIZAR	
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, DE NON TER PENDIENTES DE PAGAMENTO DÉBEDAS COA ADMÓN. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DE NON INCORRER NAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN PARA SER BENEFICIARIOS/AS DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS E DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN ( ANEXO II)	
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA	

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 24 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.*

SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE/COLEXIO PROFESIONAL

SINATURA DO/A RESPONSABLE DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

, de de 2009

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



ANEXO I-C



PROCEDIMENTO <b>BOLSAS E AXUDAS DIRIXIDAS Á REALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS E Á ORGANIZACIÓN DE XORNADAS OU CONGRESOS EN MATERIAS RELACIONADAS COAS MULLERES, ESPECIALMENTE NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>SI438C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

D./DNA.		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA EDITORIAL SOLICITANTE

NOME		CIF/NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

A persoa solicitante DECLARA que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se achegan se axustan á realidade e que de conformidade co contido da Resolución do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero, autoriza á Secretaría Xeral da Igualdade para que de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, así como as sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

DATOS DA AXUDA SOLICITADA

ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA A PUBLICACIÓN (ARTIGO 2)

<input type="checkbox"/> VIOLENCIA DE XÉNERO	<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN	<input type="checkbox"/> PARTICIPACIÓN	<input type="checkbox"/> EXCLUSIÓN SOCIAL
<input type="checkbox"/> ECONOMÍA E EMPREGO	<input type="checkbox"/> PODER E TOMA DE DECISIÓNS	<input type="checkbox"/> CIENCIA E TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> SAÚDE

IMPORTE SOLICITADO:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.3.3)

<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA EDITORIAL (MÍNIMO DOUS ANOS CONSECUTIVOS)
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI SE O/A SOLICITANTE É UNHA PERSOA FÍSICA OU DO CIF SE O/A SOLICITANTE É UNHA PERSOA XURÍDICA
<input type="checkbox"/> COPIA DO ESTUDO OU INVESTIGACIÓN
<input type="checkbox"/> CONTRATO DE EDICIÓN OU COMPROMISO DO/A TITULAR DO DEREITO DE EXPLOTACIÓN
<input type="checkbox"/> NÚMERO DE EXEMPLARES
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, DE NON TER PENDIENTES DE PAGAMENTO DÉBEDAS COA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DE NON INCORRER NAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN PARA SER BENEFICIARIOS/AS DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS E DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN (ANEXO II)
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Resolución do 24 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE
, de 2009	

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade

## ANEXO I-D

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS E AXUDAS DIRIXIDAS Á REALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS E Á ORGANIZACIÓN DE XORNADAS OU CONGRESOS EN MATERIAS RELACIONADAS COAS MULLERES, ESPECIALMENTE NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SI438C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

D./DNA. <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME <input type="text"/>		CIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			

A persoa solicitante DECLARA que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se achegan se axustan á realidade e que de conformidade co contido da Resolución do \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero, autoriza á Secretaría Xeral da Igualdade para que de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución, así como as sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

## DATOS DA AXUDA SOLICITADA

ÁREA PRIORITARIA NA QUE SE ENMARCA A XORNADA OU CONGRESO (ARTIGO 2)			
<input type="checkbox"/> VIOLENCIA DE XÉNERO	<input type="checkbox"/> EDUCACIÓN	<input type="checkbox"/> PARTICIPACIÓN	<input type="checkbox"/> EXCLUSIÓN SOCIAL
<input type="checkbox"/> ECONOMÍA E EMPREGO	<input type="checkbox"/> PODER E TOMA DE DECISIÓNS	<input type="checkbox"/> CIENCIA E TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> SAÚDE
IMPORTE SOLICITADO: <input type="text"/>			

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.4.2)

<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO CIF
<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A CONDICIÓ DE ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO (SE É O CASO)
<input type="checkbox"/> PROGRAMA
<input type="checkbox"/> PARTICIPANTES AOS/ÁS QUE SE DIRIXE
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE ESTAR AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, DE NON TER PENDIENTES DE PAGAMENTO DÉBEDAS COA ADMÓN. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DE NON INCORRER NAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN PARA SER BENEFICIARIOS/AS DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS E DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN ( ANEXO II)
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 24 de setembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

, de de 2009

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

D./Dª

en representación da entidade (se é o caso)

en relación á Resolución do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero

**DECLARA:**

(Marcar cun "X" o que proceda)

Que o conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta resolución, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE	SITUACIÓN <sup>1</sup>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

*1 Indicar "solicitada", "concedida" ou "pendiente de resolución", segundo o caso*

NON TEN SOLICITADA NIN CONCEDIDA NINGUNHA AXUDA

**DECLARA ASÍ MESMO:**

(Marcar cun "X" o que proceda)

Que coñece e acepta as bases desta convocatoria, e que está ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda e Seguridade Social

Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A persoa/entidade solicitante desenvolveu as seguintes actividades segundo o proxecto presentado na solicitude de axuda:

**ACTIVIDADES:**

IMPORTE TOTAL

INDICAR O IMPORTE EN CIFRAS  €

INDICAR O IMPORTE EN LETRAS  €

O importe da axuda destinouse para a finalidade para a que foi concedida.

*Lugar e data*

, de de

(sinatura)

(selo da entidade)

## ANEXO III

D./D<sup>a</sup> , con DNI nº

en calidade de

en relación á Resolución do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero

**DECLARA:**

Que se compromete a dirixir e supervisar o estudo/proxecto

que realizará D./D<sup>a</sup>

*Lugar e data*

, de de

(sinatura)

(selo)

## ANEXO IV

D./D<sup>a</sup>

en calidade de

entidade

en relación á Resolución do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas e axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero

**CERTIFICA**

Que os gastos totais do estudo ou proxecto/publicación/xornada ou congreso

ascenderon a  €

*Lugar e data*

, de de

(sinatura)

(selo)

ANEXO V

RELACION DE FACTURAS XUSTIFICATIVAS

Entidade: <input style="width: 100%;" type="text"/>					
GASTOS DE SUPERVISIÓN, COORDINACIÓN, APOIO, PARTICIPACIÓN RELATORES/AS, AXUDAS DE CUSTO					
Nome e apellidos	IMPORTE	% DO IMPORTE TOTAL QUE SE IMPUTA Á AXUDA CONCEDIDA	TOTAL IMPUTADO		
<b>TOTAL 1</b>					
OUTROS GASTOS					
Nº FACTURA	DATA FACTURA	NIF/CIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	% DO IMPORTE DA FACTURA QUE SE IMPUTA Á AXUDA CONCEDIDA
Material de oficina					
Material didáctico					
Corrección, tradución, maquetación, impresión					
Publicidade e propaganda					
Outros (especificar)					
<b>TOTAL 2</b>					
<b>TOTAL FACTURAS XUSTIFICATIVAS PRESENTADAS (1+2)</b>		<b>TOTAL IMPUTADO Á AXUDA CONCEDIDA (1+2)</b>	<b>CUSTO TOTAL DO ESTUDO/PUBLICACIÓN/XORNADA</b>		

Declaro que os datos se axustan á realidade

O/A representante legal da entidade (selo)